

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15006754	Ferrolterra	Ferrol	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
TMV	Transporte e mantemento de vehículos	CMTMV07	Mantemento de estruturas de madeira e moblaxe de embarcacións de recreo	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP1618	Preparación de embarcacións de recreo para traballos de mantemento	2023/2024	5	105	105
MP1618_12	Caracterización de zonas de portos deportivos e elementos construtivos das embarcacións de recreo	2023/2024	5	60	60
MP1618_22	Preparación de embarcacións de recreo para o seu mantemento	2023/2024	5	45	45

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARTA LÓPEZ PERIAGO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión departamento



2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

No Real Decreto 90/2018, do 2 de marzo, polo que se establece o título de Técnico en mantemento de estruturas de madeira e mobiliario de embarcacións de recreo, fíxanse os aspectos básicos do currículo, establécese que a competencia xeral deste título consiste en manter en bo estado e funcionamento as estruturas, cascos, cubertas e elementos interiores de embarcacións de recreo de madeira, seguindo os procedementos establecidos polo fabricante e cumprindo as especificacións de seguridade, prevención de riscos laborais e protección ambiental. Os módulos profesionais deste ciclo formativo quedan desenvolto no anexo I deste real decreto.

As empresas da comarca adicadas o mantemento de embarcacións son de pequeno tamaño e nun 95% industrias artesans. Dispoñen de pequenas naves ou estaleiros sen informatizar nin automatizar situados a beira de portos deportivos. Trataráse de focalizar nas tarefas propias de reparación de embarcacións, facendo fincapé na especialización da formación e informatización dos procesos para dar un salto de calidade nesta actividade.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	As infraestruturas náutico - deportivas	Tipos de portos, función, finalidade das zonas portuarias.	15	15
2	As Embarcacións de recreo	Tipos, partes, elementos construtivos, Aparellos.	45	40
3	Preparación de Embarcacións	Prepara Embarcacións para o mantemento	25	25
4	Preparación de zonas de traballo.	Habilita e acondiciona a zona de traballo	15	15
5	Riscos laborais e medioambientais	Coñecer os riscos tanto laborais como medioambientais na reparación de embarcacións	5	5

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	As infraestruturas nautico - deportivas	15

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Caracteriza as zonas dos portos deportivos e especifica as funcións asignadas	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícanse os tipos de portos deportivos e relaciónanse coas súas características xerais e cos elementos que os constitúen
CA1.2 Relaciónanse as figuras de capitán/capitá de porto, contramestre/a e o resto do persoal coas súas funcións no porto e no varadoiro
CA1.3 Relaciónanse coas súas funcións e coa súa finalidade as zonas de mantemento de embarcacións e outras zonas asociadas dos portos ou varadoiros
CA1.4 Caracterízanse a distribución do porto e as súas zonas, e relaciónanse coa súa finalidade
CA1.5 Relaciónanse as zonas de mantemento e de reparación, en portos ou varadoiros, coas funcións das áreas de traballo, dos equipamentos esenciais e dos sistemas de varada con guindastres, travelifts e bancada
CA1.6 Relaciónanse os elementos ou os sistemas de protección ambiental dos portos coas especificacións de seguridade aplicables
CA1.7 Relaciónase o regulamento de explotación e policía de porto, con aplicación ao uso de maquinaria e ás zonas de traballo
CA1.8 Relaciónanse coas súas funcións as ocupacións dun varadoiro de embarcacións de recreo
CA1.9 Realizáronse as actividades seguindo a metodoloxía establecida
CA1.10 Realizáronse as tarefas traballando en equipo, nos casos establecidos

4.1.e) Contidos

Contidos
Tipos de portos deportivos.
Zonas de mantemento de embarcacións e outras zonas asociadas.
Persoas que traballan no porto.
Sistemas de xestión ambiental. Regulamento de explotación e policía de porto.
Varadoiro.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	As Embarcacións de recreo	45

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Relaciona os elementos construtivos das embarcacións de recreo coas súas características construtivas e coa súa función na embarcación	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Relacionáronse os tipos principais de embarcacións de recreo coas súas características construtivas xerais
CA2.2 Relacionáronse os materiais empregados en construción de embarcacións coas súas características e o seu emprego
CA2.3 Identifícanse os elementos estruturais lonxitudinais e transversais de embarcacións e especificouse a súa función
CA2.4 Relacionáronse as partes dos aparellos e do casco, e especificáronse as súas características e as súas funcións
CA2.5 Caracterizáronse os principais esforzos mecánicos aos que está sometida unha embarcación e relacionáronse cos efectos que producen nesta e con como afectan a súa estrutura
CA2.6 Identifícanse os accesorios auxiliares dunha embarcación e relacionáronse coas súas características e coas súas funcións
CA2.7 Identifícanse os elementos que interveñen no amarre de embarcacións e relacionáronse coas súas características e a súa función
CA2.8 Realizáronse as actividades seguindo a metodoloxía establecida
CA2.9 Realizáronse as tarefas traballando en equipo, nos casos establecidos

4.2.e) Contidos

Contidos
Características principais das embarcacións de recreo.
Características principais dos materiais empregados en construción de embarcacións.
Elementos estruturais lonxitudinais e transversais da embarcación.
Partes do casco.
Esforzos mecánicos en embarcacións.
Zonas principais de embarcación. Sala de máquinas. Ponte de mando. Habilitación.
Documentación técnica da embarcación: interpretación e uso.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Preparación de Embarcacións	25

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Prepara embarcacións de recreo en porto e varadoiro para o seu mantemento, executando as manobras necesarias e tendo en conta a relación entre as fases, os medios que se deben empregar e as precaucións que cómpre tomar	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Xustificouse o comportamento da embarcación nas operacións de mantemento con respecto ao centro de gravidade, a flotabilidade, a estabilidade e as zonas de resistencia
CA1.2 Relacionáronse o vento, as correntes e as ondas coa súa influencia nas manobras e coas medidas que cumpra adoptar
CA1.3 Identificáronse os elementos de amarre a porto e describiuse a súa función
CA1.4 Realizáronse amarres da embarcación usando e manexando con seguridade diferentes cabos
CA1.5 Realizáronse amarres identificando posibles riscos, e relacionáronse coas precaucións e as medidas de seguridade que cumpra tomar
CA1.6 Realizáronse os nós máis usuais de manobra utilizando diferentes tipos de cabo, e relacionáronse co seu uso
CA1.7 Realizouse o proceso de extracción dunha embarcación para o seu traslado ao varadoiro, utilizando carros de traslado
CA1.8 Colocáronse embarcacións no carro autoportante, cumprindo as precaucións de seguridade requiridas
CA1.9 Realizáronse manobras de fondeo e relacionáronse cos medios requiridos, coas súas características construtivas, co seu uso e coas precaucións que cumpra adoptar
CA1.10 Identificáronse posibles riscos na preparación de embarcacións e relacionáronse coas medidas de seguridade que cumpra aplicar para previr riscos laborais e ambientais
CA1.11 Executáronse as manobras de preparación de embarcacións en porto e varadoiro, con aplicación das medidas de seguridade e prevención de riscos laborais requiridas
CA1.12 Realizáronse as actividades seguindo a metodoloxía establecida
CA1.13 Realizáronse as tarefas traballando en equipo, nos casos establecidos

4.3.e) Contidos

Contidos
Comportamento da embarcación.
Elementos de amarre.
Manobra de amarre de punta, abarloadose, atracar a un peirao ou a embarcadoiro, e amarrar a unha boia.
Fondeo.
Extracción dunha embarcación ao varadoiro.
Precaucións e seguridades para tomar no amarre e na suxeición das embarcacións.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Preparación de zonas de traballo.	15

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Prepara a zona de traballo asociada á embarcación de recreo en varadoiro e no amarre en porto para desenvolver as actividades de mantemento, cumprindo as especificacións de prevención de riscos laborais e ambientais	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícaronse as normas recoñecidas no sector de embarcacións deportivas e de recreo, e relacionáronse co ámbito do mantemento nos portos deportivos
CA2.2 Preparouse a zona de traballo e as zonas adxacentes para as posteriores operacións de mantemento de embarcacións e xustificouse a preparación, cumprindo as especificacións de prevención de riscos laborais e ambientais
CA2.3 Identifícaronse os principais medios empregados na protección das zonas adxacentes á área de traballo, especificando as súas características, a súa función e a súa relación coa protección das zonas susceptibles de seren danadas na embarcación
CA2.4 Identifícaronse os sistemas básicos de amarre e acceso dunha embarcación, e relacionáronse cos nomes dos elementos que interveñen e coa súa función
CA2.5 Realizáronse os nós básicos con distintos materiais, describíronse as súas características e o seu uso, e utilizáronse nas operacións de preparación, amarre e suxeición das embarcacións
CA2.6 Empregáronse diferentes métodos de apuntalamo e suxeición da embarcación e dos sistemas de acceso, e relacionáronse coas súas características, o seu modo de emprego e as precaucións que cumpra adoptar
CA2.7 Efectuáronse as operacións de xestión de residuos e xustificouse a súa importancia
CA2.8 Aplicáronse as precaucións de seguridade no amarre na e suxeición da embarcación, e relacionouse o seu uso co tipo e coas características da embarcación
CA2.9 Identifícaronse as normas xerais aplicables ás operacións de preparación nas zonas de mantemento e reparación, e relacionáronse os medios requiridos para o seu cumprimento
CA2.10 Executáronse as actividades máis significativas de preparación dunha embarcación e a comprobación posterior, cumprindo as especificacións de prevención de riscos laborais e prestando especial atención ás tomas de electricidade para traballar a bordo
CA2.11 Realizáronse as actividades seguindo a metodoloxía establecida
CA2.12 Realizáronse as tarefas traballando en equipo, nos casos establecidos

4.4.e) Contidos

Contidos
Normas no sector de mantemento de embarcacións deportivas e de recreo nos portos deportivos.
Preparación da zona de traballo en porto.
Sistemas básicos de amarre e acceso dunha embarcación.
Nós básicos.
Normas de seguridade durante os traballos de mantemento.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Riscos laborais e medioambientais	5

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Identifica posibles riscos laborais e ambientais que levan consigo as operacións de preparación, amarre e suxeición das embarcacións de recreo, relacionándoos coas actividades de mantemento implicadas, as medidas que cumpra adoptar e o xeito de os previr	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Identifícaronse as situacións de risco laboral máis habituais en relación cos procesos de preparación da embarcación
CA3.2 Identifícaronse os riscos que levan consigo os traballos en altura máis habituais nos procesos de preparación da embarcación e describíronse as precaucións que cumpra tomar
CA3.3 Identifícaronse as principais operacións de mantemento nas embarcacións de recreo coa prevención de riscos laborais e ambientais que levan consigo as actividades
CA3.4 Identifícaronse os residuos que se poidan xerar nas operacións de mantemento, e valoráronse o seu nivel de perigo e o tratamento que se lles debe dar en función deste
CA3.5 Identifícaronse as normas de prevención de riscos laborais asociándoas cos procesos de mantemento de embarcacións de recreo
CA3.6 Realizáronse as actividades seguindo a metodoloxía establecida
CA3.7 Realizáronse as tarefas traballando en equipo, nos casos establecidos

4.5.e) Contidos

Contidos
Situacións de risco laboral máis habituais nos procesos de preparación da embarcación.
Prevención de riscos laborais e ambientais nas operacións de mantemento nas embarcacións de recreo.
Residuos que se xeran nas operacións de mantemento. Nivel de perigo. Tratamento.
Normas de prevención de riscos laborais e ambientais nas operacións de preparación e mantemento nas embarcacións de recreo.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Para acadar unha avaliación positiva, o alumno terá que ser capaz de:

- Identificar os tipos de portos deportivos e relacionáronse coas súas características xerais e cos elementos que os constitúen
- Relacionar as zonas de mantemento e de reparación, en portos ou varadoiros, coas funcións das áreas de traballo, dos equipamentos esenciais e dos sistemas de varada con guindastres, travelifts e bancada
- Relacionar os elementos ou os sistemas de protección ambiental dos portos coas especificacións de seguridade aplicables
- Relacionar os tipos principais de embarcacións de recreo coas súas características construtivas xerais
- Relacionar os materiais empregados en construción de embarcacións coas súas características e o seu emprego
- Identificar os elementos que interveñen no amarre de embarcacións e relacionáronse coas súas características e a súa función
- Identificar os elementos de amarre a porto e describiuse a súa función
- Realizar os nós máis usuais de manobra utilizando diferentes tipos de cabo, e relacionáronse co seu uso
- Identificar posibles riscos na preparación de embarcacións e relacionáronse coas medidas de seguridade que cumpra aplicar para previr riscos laborais e ambientais
- Coñecer as manobras de preparación de embarcacións en porto e varadoiro, con aplicación das medidas de seguridade e prevención de riscos laborais requiridas
- Realizar os nós básicos con distintos materiais, describíronse as súas características e o seu uso, e utilizáronse nas operacións de preparación, amarre e suxeición das embarcacións
- Coñecer diferentes métodos de apuntalamo e suxeición da embarcación e dos sistemas de acceso, e relacionáronse coas súas características, o seu modo de emprego e as precaucións que cumpra adoptar
- Coñecer as operacións de xestión de residuos e xustificouse a súa importancia
- Recoñecer as precaucións de seguridade no amarre na e suxeición da embarcación, e relacionouse o seu uso co tipo e coas características da embarcación
- Identificar os riscos que levan consigo os traballos en altura máis habituais nos procesos de preparación da embarcación e describíronse as precaucións que cumpra tomar
- Realizar as tarefas traballando en equipo, nos casos establecidos
- Realizar as actividades seguindo a metodoloxía establecida

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

O alumnado será avaliado cada trimestre mediante:

- Proba escrita sobre os contidos explicados na aula . A proba pode consistir en preguntas tipo test , preguntas de resposta curta ou ven preguntas de desenvolvemento. Farase como mínimo unha proba escrita por trimestre, aínda que o profesor poderá realizar máis probas de este tipo se o considera necesario. O exame será 100 % da nota sendo necesario acadar un mínimo de 5 para superar a avaliación
- No caso de que en algunha avaliación haxa exercicios prácticos (ex. práctica de amarres ou realización de nós) o alumnado será avaliado por un lado mediante un exercicio escrito que valerá un 70 % da nota e un exercicio práctico cun valor do 30 %. sendo a nota a media aritmética dos 2 exercicios. Sendo necesario acadar un mínimo de 5 para superar a avaliación

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN DO CURSO.

As actividades de recuperación se realizarán no 3º trimestre mentres os alumnos aprobados están nas FCT, e serán para aqueles que non acadaran os resultados de aprendizaxe contemplando os contidos mínimos. Dependendo das necesidades individuais de cada alumno, e antes de ser definitivamente avaliados, se aplicarán actividades de reforzo / apoio buscando reforzar os coñementos para orientar e situar o alumnado nos contidos que sexan necesarios. Se o alumno non evolucionara ou quedara atrás, trataríase de buscar solucións como prácticas ou traballos de reforzo cos contidos necesarios para conseguir ese reforzo.

Despóis de cada avaliación, o profesor supervisará cos alumnos de maneira individual, os traballos entregados, probas, etc.,...indicando o que se pode motivar e intentar mellorar as actitudes de cada alumn@. Isto é importante traballalo xa dende a primeira avaliación xunto co equipo docente, para poder correxir erros sucesivos en todos os contidos da materia do módulo.

PLANIFICACIÓN DA PROBA DE RECUPERACIÓN

Ao debido tempo e modo, exporáse publicamente no taboleiro de anuncios do centro, data e lugar de celebración da proba de recuperación. Esta proba consistirá nun exercicio escrito que abarcarán a materia reflexada no currículo do ciclo. Así como ocorre nas avaliacións trimestrais, no caso de facer algunha proba de carácter práctico ésta valerá un 30 % do total da nota, e a parte teórica o 70 % restante. A duración da proba quedará a xuício do profesor c. O acceso ás probas farase con puntualidade, non permitindo entrar á mesma a ningún alumno 5 minutos despois da hora sinalada para o comezo da proba; o non facer a proba implica que o alumno non superará a proba final extraordinaria. Nestas probas terá que superar todas as capacidades terminais asociadas ó módulo de Preparación de embarcacións de recreo para traballos de mantemento.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

A proba de avaliación extraordinaria consistirá en:

- A realización dunha proba tipo test de un máximo de 50 preguntas referente a aspectos teóricos do currículo do módulo.
- Unha proba escrita de desenvolvemento de unha das unidades didácticas nas que se estrutura o módulo.
- Unha proba práctica de amarre e realización de nós básicos.

Cada unha das probas terá unha duración dunha hora, e será necesario acadar un mínimo de 5 puntos en cada una de elas para superar o módulo..

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

SEGUIMENTO DA PROGRAMACIÓN

No artigo 34 do Decreto 114/2010, do 1 de xullo, no apartado das programacións se establece que o equipo docente realizará o seguimento das programacións de cada módulo, indicando o grao de cumprimento con respecto á programación e, en caso de desviacións, mencionar unha causa xustificada. De acordo con isto, mensualmente e de acordo co proceso de mellora da calidade do centro, se informará nas reunións do equipo docente dos motivos polos que non se cumpra o previsto na programación así como as medidas a adoptar para a súa adecuación á mesma. Nas reunións do departamento cada titor informará ao xefe de departamento deste seguimento das programacións e o seu grao de cumprimento. O profesor levará un seguimento e rexistro de isto, facendo constancia no seu caderno de aula (MD.75.AUL.01). Este incluirá como mínimo os datos de identidade do alumnado e as cualificacións de acordo cos instrumentos de avaliación e criterios de cualificación indicados na programación. Con este seguimento quedarán rexistrados os sucesivos resultados dos alumnos e alumnas.

AVALIACIÓN DA PROPIA PRÁCTICA DOCENTE

O seguimento de avaliación docente se fará de acordo co proceso de actividades de aula, mediante a enquisa de satisfacción do labor docente (MD.82.CLI.04), de acordo co procedemento PR.75.AUL onde se indica a satisfacción por módulos e se detectan posibles problemas para tomar as medidas correctoras necesarias nas reunións do equipo docente de grupo.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Para poder elaborar unhas medidas de atención a diversidade realizarase unha avaliación inicial na data que estableza o equipo directivo do centro. Unha vez pechado o prazo da matrícula, convocarase unha reunión do equipo docente para facer a avaliación inicial do grupo. O profesor fará unha breve exposición do perfil do grupo. Na avaliación procurarase detectar se existe alumnado con necesidades educativas especiais (NEE) non detectadas anteriormente. Se procurará detectar cal é o problema de aprendizaxe concreto que presenta o alumno/a, é dicir, determinar que é o que non consegue realizar dentro do desenrolo do ciclo e, en función do que se detecte o profesor solicitará, segundo trámites legais establecidos, o apoio educativo e as flexibilizacións modulares necesarias para o seguimento formativo do alumnado con NEE. Como instrumento se poden utilizar probas sinxelas escritas ou prácticas que axuden a coñecer o grao de necesidade. Nos primeiros días recopilarase toda a información posible, relevante do alumnado, para poder determinar as potencialidades ou dificultades de cada un.

A fonte de datos a utilizar no módulo para a avaliación inicial será:

- O primeiro día de clase realizarase unha presentación do alumnado tratando de detectar inquietudes profesionais, experiencia profesional previa, formación previa...
- Na primeira semana realizarase un cuestionario non avaliabile, sobre contidos xerais do módulo.
- Solicitarase ao titor aqueles informes individuais de avaliación dos alumnos con módulos pendentes.
- Realizarase un seguimento e evolución académica os primeiros días. Prestarase especial atención as actitudes e aptitudes de cada alumno/a na aula e taller, interese por as prácticas no extranxeiro, habilidades e destreza, posibles necesidades especiais, etc.
- Estudo de informes que se dispoñan, outros estudos, expedientes académicos, posibles necesidades especiais...

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Atendendo o decreto 229/2011, do 7 de decembro, no que se regula a atención á diversidade, se fose necesario, se realizarán medidas e accións necesarias que terán como finalidade adecuar a resposta educativa as diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado. Para poder recuperar aqueles aspectos que non foron acadados satisfactoriamente polo alumno, plantexaranse actividades extras para compensar as carencias que sexan detectadas, e poder acadar os resultados de aprendizaxe. Terase especialmente en conta, posibles informes e recomendacións do departamento de orientación para poder

elaborar da maneira máis axeitada estas actividades.As actividades previstas son:

-Actividades máis sinxelas seguindo unha orde crecente de dificultade.

- Integración de alumnos con problemas en grupos de traballo mixtos buscando que non se atopen discriminados nin que se frusten na execución dos exercicios.O fin é que os compañeiros colaboren en crear un bo ambiente de grupo e traballo, favorecendo a súa vez o respecto e o proceso de aprendizaxe do alumno con necesidades educativas.

- Apoio do profesor ao alumno ou alumna no momento e da forma que estime máis conveniente.

- Material complementario de lectura, apuntes, exercicios resoltos, etc.

- Para alumnos máis adelantados , tamén se realizarán actividades complementarias con maior grado de dificultade e de complexidade na resolución de problemas.Dependendo das circunstancias persoais ,se algún alumno necesitare unha flexibilización modular se solicitaría á Inspección educativa.No caso de que un o máis alumnos necesite dunha atención moito máis especializada debido a problemas especiais (impedimentos físicos, discapacidade psíquica) se pedirá consello á Inspección e a os profesionais que traten o alumno, en estreita colaboración co Departamento de orientación, intentando lograr a súa integración na aula da mellor maneira posible.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

A ensinanza de valores debe ser unha das finalidades da educación. De esta maneira , os valores cívicos e éticos, debe integrarse transversalmente en todos os aspectos do currículo. Durante todo o curso, o alumnado do módulo incorporará no seu traballo actitudes e comportamentos de acordo aos seguintes temas:

Educación ambiental.

O profesor procurará crear o afianzar no alumnado unha reflexión e unha motivación hacia o cuidado e respecto ó medio ambiente segundo as normativas vixentes especialmente no cuidado do entorno mariño e a importancia que teñen os mares en cuestións tan preocupantes como o cambio climático.. O longo do curso o profesor pode aportar artigo de prensa ou algún video.

Educación do consumidor.

Se abordará o tema da normativa vixente en canto a madeiras e derivados. Se tratará de fomentar unha actitude crítica responsable fronte ó consumo e os mecanismos do mercado, a importancia da reciclaxe e oa reutilización de materiais. O longo do curso a profesora pode aportar artigo de prensa ou algún video.

Educación para a saúde

Introducirase a educación para a saúde nas unidades didácticas relacionadas coa seguridade e hixiene no traballo, así como cada vez que se trate o uso e funcionamento dalgunha ferramenta ou máquina.

Educación para a convivencia.

A educación para a convivencia manifestarase nos traballos en grupo, que teñen lugar no modulo e que son de suma importancia nas empresas.

Educación para a igualdade de oportunidades entre los sexos. Coa magoa de que no ciclo o numero de mulleres e moi baixo , a educación para igualdade entre os homes e as mulleres manifestase proporcionando contextos de aprendizaxe nos que os aspectos tecnolóxicos non teñan marcado carácter masculino.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Todas aquelas programadas polo departamento

10.Outros apartados

10.1) SOBRE A PROGRAMACIÓN

O equipo docente deste ciclo co acordado coa xefatura do departamento elaborou un sistema para lle dar a coñecer ao alumnado a información



relativa á programación deste módulo profesional, con especial referencia aos obxetivos, aos criterios de avaliación que serán aplicados , así como o nivel mínimo que se considera suficiente para alcanzar a avaliación positiva. O profesor informará ao grupo de alumnos sobre estes aspectos e entregará ao principio de cada trimestre os contidos e obxetivos mínimos a acadar. Se informará ao alumnado que terá durante todo o curso académico a súa disposición a programación nun lugar de fácil acceso acordado co equipo docente e coa xefatura do departamento.

10.2) SOBRE A SEGURIDADE.

En reunión do departamento queda reflexada en acta, a maneira, forma e documentos que se van a aportar aos alumnos para informarles das normas de seguridade e comportamento nas aulas e talleres. Os titores e profesores leerán aos alumnos un documento interno realizado no departamento no que se reflexan estes aspectos. Os alumnos firmarán un documento no que se rexistrará que estes recibiron esa información. Estes quedarán archivados por a titora do ciclo.